


TÍTULO: Quebracabezas de cores



OBXECTIVOS:

- Favorecer a identificación das cores (amarelo, vermello, azul e verde) e dos números (un e dous).
- Desenvolver habilidades de motricidade fina.
- Mellorar a memoria espacial e visual.
- Favorecer a capacidade de concentración.
- Estimular o pensamento lóxico.

MATERIAIS:

- 8 envases de iogur baleiros.
- Unha cartolina ou un cartón.
- Pinturas das cores amarelo, vermello, azul e verde.

XEITO DE REALIZALO:

- 1) Pintamos os iogures, dous iogures da mesma cor.
- 2) Marcamos a silueta do iogur no taboleiro, poñéndoo boca abaixo, ata completar oito e despois pintamos dous círculos da mesma cor repartidos aleatoriamente por todo o taboleiro.
- 3) Por último, pintamos nas bases dos iogures os puntos, por cada parella de cor pintamos un punto nun iogur e dous puntos no outro.